



**IBEROAMERIKA-
ZENTRUM**



**UNIVERSITÄT
HEIDELBERG**
ZUKUNFT
SEIT 1386

Praza de profesor/a de galego no Centro de Estudos para Iberoamérica a partir do 1 de outubro de 2018 **cunha carga lectiva de 16 horas semanais (ao redor do 40% do tempo de traballo regular semanal)**

A praza está limitada a un ano, ata o 30 de setembro de 2019.

Áreas de traballo:

Promoción e ensino da lingua, a literatura e a cultura galegas na Universidade de Heidelberg. A carga lectiva comprende 3 cursos cunha clase semanal de 90 minutos cada un, e a avaliación das materias de Galego como Lingua Estranxeira (a partir do nivel A1 MCER) e os seminarios de primeiro ciclo universitario sobre literatura, cultura e lingüística galega. Ademais, entre as competencias atópase tamén a organización de eventos académicos sobre a lingua, a literatura e a cultura galegas.

Requisitos:

- Título universitario (M.A., *Magister*, *Staatsexamen*, diploma ou título universitario equivalente) en Filoloxía Galega, Filoloxía Románica con Galego (como *Hauptfach* ou *Nebenfach*), Tradución con Galego como Lingua A, B ou C, ou noutras carreiras cuxa relación con Galego estea acreditada
- Galego como lingua materna
- Dominio alto de alemán escrito e falado (certificado ou similar).

Preferiblemente:

- Experiencia no ensino universitario no ámbito do Galego como Lingua Estranxeira e da Literatura, Cultura e Lingüística galegas.
- Actividade investigadora sobre temas relacionados con Galicia e o galego.

O salario axústase ao convenio alemán para o sector público nos estados federados (TV- L, polas súas siglas en alemán).

As solicitudes deberán enviarse con todos os documentos requiridos antes do 30 de xuño de 2018, preferiblemente en formato electrónico, ao director do Centro de Estudos para Iberoamérica, Prof. Dr. Óscar Loureda, oscar.loureda@iued.uni-heidelberg.de. As solicitudes enviadas por correo postal enviaranse á seguinte dirección: Universität Heidelberg, Iberoamerika- Zentrum, Plöck 57 a, D-69117 Heidelberg.

Rogamos entendan que os documentos de solicitude recibidos non poden ser enviados de volta.

Terán prioridade as persoas con discapacidades graves e igual cualificación.

As entrevistas terán lugar durante a semana do 9 de xullo de 2018.

En caso de dúbidas diríxanse a: iaz-info@uni-heidelberg.de